



## **Acordo da Comisión Delegada da FGA**

**Data:** Mércores, 23 de xuño de 2021

**Carácter:** Telemática (Councilbox)

**Convocada:** Polo presidente da FGA, conforme ao artigo 29º dos estatutos da FGA.

**Motivo:** Cambio de datas do Calendario Autonómico de Competicións.

**Órgano competente:** Comisión Delegada, conforme ao artigo 20º dos estatutos da FGA.

**Xustificación da proposta:** A petición da Dirección Técnica e a Delegación da FGA en Lugo, sométese a decisión da Comisión Delegada, a modificación de datas para a celebración do XX Campionato de Galicia Sub16 en Pista ao Aire Libre e o LXIX Campionato de Galicia Sub18 en Pista ao Aire Libre, previstos para os días 3 e 4 de xullo e que pasarían aos días 2 e 3 de xullo de 2021. O principal motivo do cambio é a non dispoñibilidade da instalación o día 4 de xullo, debido a modificacións alleas á propia FGA, derivadas dos cambios producidos pola práctica deportiva doutros deportes.

### **Proposta da Dirección Técnica e delegación da FGA en Lugo:**

Pasar os campionatos do 3 e 4 de xullo aos días 2 e 3 de xullo de 2021.

### **Integrantes da Comisión Delegada que votaron:**

Isidoro Hornillos Baz; Asociación Deportiva Atlética do Sil; Club Carmelitas Ourense; Club Marineda Atlético; Lugo Running Club by Ramos Lourés; Sociedad Gimnástica de Pontevedra; José Vicente Veiga Doldán; Guillermo Sandino Leira; Óscar José Seoane Vázquez.

### **Integrantes da Comisión Delegada que non votaron:**

Víctor Pérez Currás

**Resultados da votación:** 7 votos a favor da proposta; 1 abstención e 1 voto en contra.

**Acordo adoptado:** Celebrar os Campionatos de Galicia Sub16 e Sub 18 os días 2 e 3 de xullo de 2021.

A Coruña, a 23 de xuño de 2021